



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 1
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



1



Proba A1


Vostede deixou un anuncio nun xornal buscando un cuarto para alugar. Logo de escoitar a mensaxe do contestador automático do seu teléfono, vaille escribir unha mensaxe electrónica á persoa que lla deixou. Vostede non está seguro de alugar o piso. Nesta **mensaxe**, de **150 palabras**, vostede deberá:

- Comentarlle as cousas que máis e que menos lle gustan do piso.
- Propoñerlle día e hora para quedar e ver o piso.
- Dicirlle que só pode gastar 200 euros no alugueiro.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

De:	
Para:	meraval@elogo.com
Asunto:	Piso para alugueiro



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Vostede acaba de recibir esta mensaxe do seu irmán que vive en Alemaña e que mañá fai 40 anos.

Ola! Como che vai?

Pois eu aquí. Mañá fago corenta anos e aínda que son novo, síntome un vello... Ben sei que non me debo queixar, que non son tantos anos, que o importante é sentirse ben, pero ese é o problema! Traballo tanto, que me sinto canso e sen enerxía, por iso tomo moito café. Ademais, pola falta de tempo, tomo alimentos fritos e precociñados moi a miúdo. Menos mal que polo menos camiño un chisco cada día. A ver, ti que non paras nunca, como fas?

Un bico do teu irmán

Agora, coa información do artigo “Hábitos que suman benestar” que atopou nunha revista, contéstelle a **mensaxe** ao seu irmán. No seu texto, de **150 palabras**, vostede deberá:

- Saudalo e felicitalo polo seu aniversario.
- Explicarlle polo menos un costume que vostede cre que ten que cambiar.
- Informalo de dous hábitos que vostede considera moi importantes para a saúde.
- Despedirse e convidalo a pasar unhas vacacións xuntos.

Hábitos que suman benestar


Gustaríache ter enerxía, bo humor e saúde, en vez de estar canso e sen ganas de facer nada?

Para comezar a sentirte mellor o máis axiña posible, non tes que introducir grandes cambios na túa vida. Estirarte pola mañá, beber abundante auga, almorzar ben... Xestos tan sinxelos coma estes axudan a renovar o corpo por dentro e por fóra, se se realizan regularmente, ao longo das vinte e catro horas do día.




Estes son algúns dos costumes que che convén adoptar e practicar diariamente, se queres vivir máis anos e con maior calidade de vida:

1. Facer exercicio con regularidade. Estirar o corpo cada mañá, por exemplo, xa axuda a poñer os músculos en forma.
2. Durmir oito horas diarias, xa que estas horas de sono nos dan o descanso que precisamos cada día.
3. Tomar sempre un bo almorzo, pois a primeira comida do día dános enerxía abonda para comezar ben o día.
4. Comer regularmente alimentos saudables como peixes, verduras, legumes e froitas, xa que nos axudan a estar sans e fortes.
5. Procurar vivir afastado da contaminación e do ruído, porque poden producir estrés.
6. Evitar tomar moito café e sal, xa que favorecen a suba da tensión.
7. Non comer alimentos con moita graxa, comida precociñada nin moito frito, xa que producen obesidade.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.